

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

EXAME DE RECUPERACIÓN FINAL

1ª, 2ª e 3ª avaliación

NOME		APELIDOS		CURSO	
------	--	----------	--	-------	--

PRIMEIRA AVALIACIÓN: 10 puntos en total

1. Marca cunha cruz a resposta correcta: (NO EXAME CADA PREGUNTA FALLADA PENALIZARÁ UNHA PREGUNTA ACERTADA)

1. A baixa produtividade da agricultura na época do Antigo Réxime debíase: ☐ aos importantes avances tecnolóxicos ☐ á estreita dependencia dos fenómenos naturais ☐ á escasa cantidade de terras de propiedade señorial	2. Un señorío territorial era aquel na que o señor posuía a propiedade da terra e na que os campesiños debían: ☐ cobrar unhas rendas ao señor por vivir nas súas terras ☐ pagar unhas rendas ao señor pola explotación das súas parcelas ☐ exercer a xustiza en nome do rei
3. O décimo eclesiástico era un imposto que o campesiñado entregaba ao clero e que consistía: ☐ na décima parte das propiedades do señor ☐ no dez por cento da colleita ☐ na décima parte dos beneficios dos sorteos celebrados durante o Nadal	4. As necesidades financeiras das monarquías medraron continuamente ao longo da Idade Moderna debido a motivos como: ☐ as escasas guerras ☐ a alta produtividade agrícola ☐ o incremento da burocracia
5. O comercio interior no Antigo Réxime desenvolvíase en: ☐ feiras anuais e mercados semanais ☐ mercados con gran cantidade de intercambios internacionais ☐ territorios controlados pola expansión colonial	6. A mortalidade descendeu durante a segunda metade do século XVIII entre outros motivos porque: ☐ se produciron máis epidemias ☐ aumentaron as malas colleitas ☐ mellorou a dieta alimenticia
7. O crecemento económico que se produciu nalgúns países europeos na segunda metade do século XVIII debeuse entre outros motivos ao: ☐ crecemento continuo da poboación ☐ descenso da demanda de produtos básicos ☐ incremento das epidemias	8. As terras de propiedade comunal que existían en toda Europa das que se beneficiaban todos os habitantes das aldeas ou vilas adoitaban ser: ☐ zonas fértiles de cultivo ☐ campos pechados ou bocage ☐ pasteiros para o gando
9. O comercio internacional viviu unha gran transformación ao longo da Idade Moderna debido entre outros motivos: ☐ ao descenso demográfico ☐ á diminución da demanda ☐ á expansión colonial	10. A división social no Antigo Réxime baseábase: ☐ na posesión de riquezas ☐ no privilexio xurídico ☐ en cuestións relixiosas e morais
11. A nobreza e o clero durante o Antigo Réxime gozaban de privilexios como: ☐ pagar impostos ☐ non acceder aos cargos da Administración ☐ ter leis e tribunais propios	12. O clero regular estaba formado por: ☐ sacerdotes de todos os tipos ☐ membros das ordes monásticas e relixiosas ☐ representantes da xerarquía eclesiástica
13. A desigualdade de orixe que existía na sociedade do Antigo Réxime: ☐ facía moi difícil cambiar de posición social ☐ permitía elixir o estamento no que nacer ☐ impedía a existencia dunha división social ríxida e desigual	14. Os reis das monarquías absolutas do Antigo Réxime: ☐ recurrían constantemente ao consentimento de asembleas representativas ☐ non disponían dun Exército permanente ☐ disponían dunha burocracia capaz de imponer as decisións do monarca

15. O poder dos monarcas absolutos estaba limitado: ☐ polo control eficaz das tarefas de goberno por parte dos reis ☐ pola resistencia dos poderes locais ás demandas do Goberno central ☐ pola escasa obediencia dos campesiños aos señores feudais	16. Os monarcas absolutos do Antigo Réxime buscaron a alianza e a cooperación dos señores feudais, dos gremios, da Igrexa ou dos funcionarios poderosos a cambio de: ☐ manterlles o poder e a autonomía ☐ obrigarlle a toda a poboación a pagar impostos ☐ impartir a xustiza real dentro dos señoríos xurisdiccionais
17. A preponderancia de Gran Bretaña no século XVIII baseábase: ☐ no seu escaso desenvolvemento comercial ☐ na inexistencia de outras potencias en Europa ☐ na súa supremacía marítima	18. O pensamento ilustrado defendía o predominio da razón como criterio de verdade fronte á: ☐ ciencia, á cultura e á educación ☐ liberdade, á igualdade e á fraternidade ☐ tradición, ao sobrenatural e á superstición
19. John Locke foi un pensador e filósofo inglés que opinaba que os homes son libres e iguais por natureza pero que para manter eses principios era preciso: ☐ unha concentración de poderes nas mans do rei ☐ unha rebelión continua dos súbditos contra os gobernantes ☐ un dereito político baseado nun pacto social	20. Jean-Jacques Rousseau afirmaba que o Goberno e as institucións teñen a obriga de legislar e gobernar para o ben común, porque do contrario: ☐ o ser humano converteríase en bo por natureza ☐ as persoas poden rebelarse ou depoñelas ☐ o monarca debería gobernar de forma absoluta

2. Explica a seguinte cuestión:

a) A xente do común ou terceiro estado no Antigo Réxime

3. Define os seguintes conceptos tendo en conta o que estudiaches no tema:

a) OPENFIELD, RÉXIME DEMOGRÁFICO, REAIS FÁBRICAS, DESPOTISMO ILUSTRADO e ENCICLOPEDIA.

4. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que aparecen a continuación: (3 puntos)

A división de poderes segundo Montesquieu

"Hai en cada Estado tres clases de poderes: o poder lexislativo, o poder executivo dos asuntos que dependen do dereito da xente e o poder executivo dos que dependen do dereito civil.

Polo poder lexislativo, o príncipe, ou maxistrado, promulga leis para certo tempo ou para sempre, e enmenda ou derroga as existentes. Polo segundo poder, dispón da guerra e da paz, envía ou recibe embaixadores, establece a seguridade, prevén as invasións. Polo terceiro, castiga os delitos ou xulga as diferenzas entre particulares. Chamaremos a este poder xudicial e ao outro, simplemente, poder executivo do Estado [...] .

Todo estaría perdido se o mesmo home, o mesmo corpo de persoas principais, dos nobres ou do pobo, exercese os tres poderes: o de facer as leis, o de executar as resolucións públicas e o de xulgar os delitos ou as diferenzas entre particulares [...] .

BARÓN DE MONTESQUIEU,
O espírito das leis, 1748

Pasos a seguir para o comentario do texto histórico

a) CLASIFICACIÓN

- **Natureza do texto** (texto xurídico, histórico-literario, narrativo, historiográfico, económico, relixioso...)
- **Época** na que foi escrito
- **Lugar** no que foi escrito
- **Autor** ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- **Tema**
- **Temas** ou **ideas secundarias**

c) COMENTARIO

- Exposición do tema ou temas que trata o texto, **facendo sempre referencia ao contido dos documentos**
 - Mención dos **antecedentes** en primeiro lugar
 - Exposición do **tema e do contexto histórico** co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das **consecuencias** para finalizar

d) CONCLUSIÓN

- **Valoración crítica do texto** como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

5. Marca cunha cruz a resposta correcta: (CADA PREGUNTA FALLADA PENALIZARÁ UNHA PREGUNTA ACERTADA)

1. As posibilidades de actuación do goberno de Luís XVI de Francia víanse limitadas: ☐ pola excelente marcha da economía ☐ polo elevado número de impostos ás clases privilexiadas ☐ pola grave crise da Facenda Real no último cuarto do século XVIII	2. A nobreza francesa de finais do século XVIII esixiu a reunión dos Estados Xerais porque: ☐ consideraba que debía eliminarse a sociedade estamental ☐ era a institución que debía autorizar os novos impostos ☐ defendía a igualdade fiscal entre todas os estamentos sociais
3. Os cadernos de queixas recollidos polos representantes do terceiro estado para a reunión dos Estados Xerais reclamaban: ☐ o mantemento do réxime feudal ☐ a defensa dos privilexios tradicionais ☐ a liberdade de expresión, de reunión ou de comercio	4. Os representantes dos estamentos que se reunían nos Estados Xerais de Francia deliberaban por separado e logo emitían: ☐ un voto por cada estamento ☐ un voto en representación das clases privilexiadas e outro en representación do terceiro estado ☐ un voto por cada un dos numerosos representantes políticos dos tres estamentos
5. O peche por parte do rei da sala de reunión dos Estados Xerais reaccionasen: ☐ aceptando o voto por estamento ☐ reuníndose na Sala do Xogo da Pelota ☐ disolvéndose por non poder darlle a Francia unha Constitución	6. A Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán foi un documento aprobado durante a Asemblea Constituínte da Revolución francesa no que: ☐ se recoñecía a liberdade de pensamento, económica e de relixión ☐ se consideraba prescindible o dereito de propiedade ☐ se renunciaba á soberanía nacional
7. Luís XVI intentou fuxir de Francia en 1791 para: ☐ estender as ideas da revolución por toda Europa ☐ tomar París para impulsar as ideas revolucionarias ☐ unirse aos aristócratas franceses contrarios á revolución que se exiliaran	8. As monarquías absolutistas europeas decidiron axudar aos nobres exiliados e prepararon os seus exércitos para intervir contra Francia porque: ☐ eran partidarias da instauración dunha república democrática ☐ pretendían forzar a abdicación de Luís XVI ☐ temían a extensión do exemplo da Revolución francesa por outros países

9. A radicalización da Revolución Francesa tras o asalto ao palacio das Tullerías levou a que a Asemblea Lexislativa suprimise a monarquía e no seu lugar decidise elixir: ☐ unha monarquía democrática parlamentaria ☐ unha nova asamblea chamada Convención ☐ un Directorio por sufraxio universal masculino	10. A etapa do Directorio durante a Revolución francesa caracterizouse porque o control do poder estaba en mans dun Directorio de cinco membros que tiña: ☐ o poder lexislativo ☐ o poder executivo ☐ o dominio absoluto das institucións da monarquía
11. Napoleón Bonaparte foi un mozo e ambicioso militar que dissolveu o Directorio pola forza mediante o golpe de Estado do 18 de Brumario e entregou o poder: ☐ á Convención xacobina ☐ á dinastía dos Borbóns ☐ a tres cónsules provisionais	12. Napoleón logrou importantes vitorias terrestres contra as tropas austríacas e rusas, aínda que foi derrotado pola frota británica na: ☐ batalla de Saratoga ☐ batalla de Austerlitz ☐ batalla de Trafalgar
13. O Imperio dos cen días instaurado por Napoleón en Francia tras o seu regreso da illa de Elba finalizou: ☐ coa vitoria das tropas francesas na batalla de Trafalgar ☐ coa derrota da frota francesa na batalla de Sedán ☐ coa derrota das tropas napoleónicas na batalla de Waterloo	14. Entre os motivos que impulsaron a revolución que conduciu á independencia de Bélxica respecto dos Países Baixos estaban: ☐ as diverxencias relixiosas entre Bélxica e as Provincias Unidas ☐ o predominio da relixión católica en Holanda ☐ o maior desenvolvemento económico de Bélxica
15. Os movementos nacionalistas que se desenvolveron ao longo do século XIX trataban de exaltar os sentimentos nacionais dos habitantes dos seus territorios: ☐ prestando escasa atención á exaltación da propia identidade ☐ buscando as raíces nacionais no pasado histórico ☐ evitando a loita contra os Estados opresores, ocupantes ou administradores	16. Os movementos nacionalistas que pretendían separarse dunha unidade política máis grande e formar o seu propio Estado eran: ☐ os nacionalismos disgregadores ☐ os nacionalismos unificadores ☐ os nacionalismos antipatrióticos
17. O primeiro ministro Cavour aproveitou a sublevación dos campesiños sicilianos contra o rei de Nápoles durante a segunda fase da unificación italiana para: ☐ ceder Parma, Modena e Toscana a Austria ☐ enviar os “<i>mil camisas vermellas</i>” ao mando de Garibaldi ☐ renunciar á incorporación de Venecia a Italia	18. Entre os factores que impulsaron o movemento independentista das colonias españolas en América estivo: ☐ a gran confianza que tiñan os crioulos na metrópole ☐ a influencia da Revolución americana que deu lugar ao nacemento dos Estados Unidos ☐ o total desinterese do Reino Unido polo comercio con América
19. Simón Bolívar pretendía que as colonias españolas en América se independizasen de España para: ☐ crear unha federación de Estados americanos ☐ unirse ao Estados Unidos de Norteamérica ☐ formar unha multitude de Estados independentes	20. Entre as consecuencias políticas da independencia das colonias españolas en América está: ☐ o mantemento do caudillismo e do militarismo ☐ a eliminación do latifundismo e a corrupción ☐ a ruptura total coa cultura e a lingua española

6. Explica a seguinte cuestión:

a) A unificación alemá.

7. Define os seguintes conceptos tendo en conta o que estudiaches no tema:

a) ESTADOS XERAIS, SANS-CULOTTES, BLOQUEO CONTINENTAL, LIBERALISMO e CRIoulos. (2,34 puntos)

8. Escolle un dos seguintes dous documentos (texto histórico ou mapa histórico) e coméntao seguindo as pautas que aparecen a continuación:

DOCUMENTO 1

Doc. 1 A Declaración de Independencia.

Sostemos [...] que todos os homes son creados iguais; que son dotados polo seu Creador de certos dereitos inalienables, entre os cales están a vida, a liberdade e a procura da felicidade; que para garantir estes dereitos se institúen entre os homes os Gobernos, que derivan os seus poderes lexítimos do consentimento dos gobernados; que sempre que unha forma de goberno se faga destrutora destes principios, o pobo ten o dereito a reformala ou a abolila [...]. Cando unha longa serie de abusos e usurpacións, dirixida invariablemente ao mesmo obxectivo, demostra o desingnio de someter o pobo a un despotismo absoluto, ten o dereito, ten o deber, de derrocar ese goberno [...]. Tal foi o paciente sufrimento destas colonias; [...] Polo tanto, os representantes dos Estados Unidos de América [...] facemos público e declaramos: Que estas Colonias Unidas son, e deben selo por dereito, Estados libres e independentes [...] e que toda vinculación política entre elas e o Estado da Gran Bretaña queda [...] totalmente disolta [...].

Filadelfia, 1776

Pautas a seguir para o comentario do texto histórico

- a) CLASIFICACIÓN
 - Natureza do texto (texto xurídico, histórico-literario, narrativo, historiográfico, económico, relixioso...)
 - Época na que foi escrito
 - Lugar no que foi escrito
 - Autor ou autores
 - Destino
 - Intención e obxectivos
- b) ANÁLISE
 - Tema
 - Temas ou ideas secundarias
- c) COMENTARIO
 - Exposición do tema ou temas que trata o texto, **facendo sempre referencia ao contido dos documentos**
 - Mención dos antecedentes en primeiro lugar
 - Exposición do tema e do contexto histórico co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das consecuencias para finalizar
- d) CONCLUSIÓN
 - Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

DOCUMENTO 2

Doc. 21 A Europa do Congreso de Viena.



Pautas a seguir para o comentario do mapa histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Tipo e carácter do mapa
- Espazo xeográfico que ocupa
- Ámbito cronolóxico que abrangue

b) ANÁLISE

- Tema principal
- Outros temas e outra información que nos aporta

c) COMENTARIO

- Exposición do tema e da información que nos aporta o mapa, **facendo sempre referencia ao contido do documento**
 - Mención dos antecedentes en primeiro lugar
 - Exposición do tema e do contexto histórico co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das consecuencias para finalizar

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica da utilidade do mapa como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

TERCEIRA AVALIACIÓN: 10 puntos en total

1. Marque cunha cruz a opción correcta de entre as tres que se propoñen (CADA PREGUNTA FALLADA PENALIZARÁ UNHA PREGUNTA ACERTADA):

1. As posturas políticas radicalizáronse en Europa sobre todo tras: ☐ a crise económica dos anos trinta ☐ o descenso da desconfianza da poboación cara a democracia ☐ o crac da bolsa de Nova York en 1924	2. A revolución era a única saída á crise dos anos trinta pola que apostaba: ☐ toda a burguesía ☐ gran parte das clases baixas ☐ a maior parte das clases medias
3. Os países que tiñan un réxime democrático máis asentado durante os anos vinte conseguiron manter o seu sistema con medidas como: ☐ a integración dos partidos socialistas no xogo parlamentario ☐ a entrega do poder a partidos fascistas ☐ o impulso dunha revolución soviética	4. A ideoloxía fascista propugnaba: ☐ a primacía do Estado sobre o individuo ☐ a primacía do individuo sobre o Estado ☐ a negación do Estado totalitario
5. O socialismo nacional que defendía a ideoloxía fascista trataba de: ☐ crear un conflito de clases ☐ atraer tanto ás clases medias como aos obreiros ☐ impulsar unha revolución de tipo bolxevique	6. Os partidos fascistas trataban de mobilizar ás masas para encadralas: ☐ no seo do partido e do sindicato únicos ☐ nas organizacións paramilitares da oposición ☐ nos distintos partidos políticos do Parlamento
7. Os primeiros apoios do fascismo procedían: ☐ da clase media afectada pola Gran Depresión ☐ dos militantes do comunismo ☐ dos oficiais e combatentes desmobilizados tras a Primeira Guerra Mundial	8. Entre os grupos sociais que acabaron apoiando ao movemento fascistas estaba: ☐ a clase obreira ☐ os sindicalistas de esquerdas ☐ os demócratas convencidos
9. Os movementos fascistas eliminaron dos seus programas a demagoxia revolucionaria anticapitalista para: ☐ implantar un sistema comunista ☐ expulsar das súas filas ás clases medias ☐ conseguir o apoio dos grandes empresarios e terratenentes	10. A toma do poder por parte dos movementos fascistas foi posible en gran medida grazas: ☐ ao apoio do exército e a policía ☐ ao rexeitamento por parte de todas as institucións do Estado liberal ☐ á escasa colaboración da maior parte da poboación
11. Os membros dos Fascios Italianos de Combate identificábanse pola súa: ☐ chaqueta parda ☐ camisa negra ☐ cabeza rapada	12. O mando do Partido Nacional Fascista de Italia organizou en 1922 a Marcha sobre Roma para: ☐ obrigar ao rei a abdicar ☐ entregar o poder aos partidos e sindicatos de esquerda ☐ esixir un Goberno cun mínimo de seis ministros fascistas
13. O deputado socialista Giacomo Matteotti foi asasinado por bandas fascistas por: ☐ entregar o poder a Mussolini ☐ denunciar a nulidade das eleccións ☐ non querer ocupar o seu escano no Parlamento	14. Mussolini adoptou unha postura claramente expansionista que o levou a: ☐ invadir Etiopía ☐ rexeitar a alianza con Alemaña ☐ negarse a participar na Guerra Civil española
15. O Estado fascista italiano instaurou un sistema corporativista a través do que pretendía: ☐ eliminar os sindicatos e a patronal ☐ organizar a economía e xestionar as organizacións sociais ☐ defender o principio da loita de clases	16. O impulso definitivo para o ascenso definitivo do nazismo ao poder deulou: ☐ o Putsch de Múnic ☐ a Gran Depresión ☐ a noite dos cristais rotos
17. O Partido Nacional Socialista dos Traballadores Alemáns transformouse nun partido de masas e aceptou o xogo parlamentario: ☐ no momento da súa fundación ☐ tras o fracaso do Putsch de Múnic ☐ durante o incendio do Reichstag	18. As eleccións de xullo de 1932 en Alemaña tiveron como resultado: ☐ a vitoria do partido nazi ☐ a maioría absoluta do partido nazi ☐ un triunfo dos partidos de esquerdas
19. Hitler foi nomeado presidente por Hindenburg formando un Goberno: ☐ de coalición entre os nazis e a dereita clásica ☐ principalmente con representantes dos partidos de esquerda ☐ unicamente con ministros nazis	20. A morte do presidente Hindenburg provocou que Hitler: ☐ renunciase a instaurar unha ditadura ☐ formase un Goberno de coalición cos partidos de esquerda ☐ asociase a chancelería á presidencia do Reich

2. Defina brevemente os seguintes **cinco termos** (ESTENSIÓN APROXIMADA POR TERMO: 3-4 LIÑAS OU 40-50 PALABRAS):
- a) **LEIS FASCISTÍSIMAS, PACTOS DE LETRÁN, NOITE DOS COITELOS LONGOS, SS e LEIS DE NÚREMBERG**
3. Escolle **un dos seguintes dous** documentos (texto histórico ou mapa histórico) e coméntao seguindo as pautas que aparecen a continuación: (3 puntos)

DOCUMENTO 9. Programa do Partido Nacional Fascista

Doc. 9 Programa do Partido Nacional Fascista.

Principios de política interior:

O Estado ten que ser o celoso gardián, o defensor e o propagador da tradición nacional, do sentimento nacional, da vontade nacional.

Principios de política exterior:

Italia ten que recuperar a súa función de bastión da civilización latina no Mediterráneo e impoñer o imperio da lei sobre os pobos de nacionalidade diferente ligados a Italia.

Principios de política social:

O fascismo reconece a función social da propiedade privada, que é á vez un dereito e un deber [...].

O PNF esforzase en disciplinar as loitas [...] entre as diversas clases, e en sancionar e facer respectar [...] a prohibición da folga dos servizos públicos.

Programa do PNF, publicado en *Il Popolo d'Italia*, 27 de decembro de 1921

Pautas a seguir para o comentario do texto histórico

- a) **CLASIFICACIÓN**
- Título
 - Natureza do texto
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (histórico-circunstancial, histórico-testemuñal, histórico-literario...)
 - En función do seu contido (xurídico, político, económico, filosófico, xeográfico...)
 - Época na que foi escrito
 - Lugar no que foi escrito
 - Autor ou autores
 - Destino
 - Intención e obxectivos
- b) **ANÁLISE**
- Tema
 - Temas ou ideas secundarias
- c) **COMENTARIO EN RELACIÓN CO CONTEXTO HISTÓRICO**
- Explicación do tema ou temas que trata o texto, **sempre en relación e facendo referencia ao contido dos documentos**

- Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas nas que se elaborou o texto
- Explicación a información que contén e dos datos que nos achega sobre o acontecemento e a época, utilizando “*entre aspas*” algunha ou algunhas citas textuais
- Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)
- Breve mención das repercusións históricas do feito tratado no texto

DOCUMENTO 14. Mussolini participando na batalla do trigo



Pautas a seguir para o comentario da imaxe histórica

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza da imaxe
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (fotografía, pintura, gravado, cartel, debuxo, caricatura, portada de prensa, anuncio...)
 - En función do seu contido (político, militar, económico, social, cultural...)
- Época na que foi realizada
- Lugar no que foi realizada
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

c) COMENTARIO EN RELACIÓN CO CONTEXTO HISTÓRICO

- Explicación do tema ou temas que trata a imaxe, **sempre en relación e facendo referencia ao contido dos documentos**

- Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas nas que se obtivo ou elaborou a imaxe
- Análise dos elementos da imaxe que nos achegan información sobre o acontecemento e a época
- Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica da imaxe como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)
- Breve mención das repercusións históricas do feito tratado na imaxe

4. Marque cunha cruz a opción correcta de entre as tres que se propoñen (CADA PREGUNTA FALLADA PENALIZARÁ UNHA PREGUNTA ACERTADA):

1. A supremacía em canto a forzas terrestres, em concreto em divisións de infantaría, ao inicio da Segunda Guerra Mundial correspondía: ☐ a Reino Unido, Francia e Polonia ☐ a Alemaña ☐ ao Segundo Reich	2. A principal dificultade que tiña o exército alemán ao inicio da Segunda Guerra Mundial, pese á súa superioridade de efectivos, era: ☐ a necesidade de ferro, gasolina, caucho e outras materias primas para a súa maquinaria ☐ o maior número de poboación das potencias do eixe ☐ a superioridade en recursos económicos de Alemaña e dos seus aliados
3. A ocupación dunha parte do territorio polaco por parte do exército alemán provocou que as tropas da URSS: ☐ invadisen unicamente a parte occidental de Polonia ☐ ocupasen tamén Estonia, Letonia e Lituania ☐ atacasen Finlandia renunciando a ocupar o territorio de Polonia	4. Alemaña tratou de asegurarse o aprovisionamento de ferro sueco durante a Segunda Guerra Mundial: ☐ declarándolle a guerra a Suecia ☐ invadindo Dinamarca e Noruega ☐ renunciando a continuar coa súa expansión territorial
5. O avance do exército alemán por territorio francés durante a primeira fase da Segunda Guerra Mundial rematou: ☐ coa sinatura do armisticio de Compiegne ☐ coa entrada do exército aliado en París ☐ coa independencia de Bélxica e os Países Baixos do dominio nazi	6. A chamada República de Vichy que se formou em Francia durante a Segunda Guerra Mundial estaba: ☐ situada na parte do norte e da costa atlántica do territorio francés ☐ gobernada de forma autoritaria polo mariscal Pétain ☐ dirixida polo Goberno fascista e colaboracionista dos nazis do xeneral De Gaulle
7. Os ataques aéreos que o exército alemán realizou durante a denominada batalla de Inglaterra foron contrarrestados polo exército británico: ☐ bombardeando directamente a cidade de Londres ☐ aceptando a oferta de paz ofrecida por Hitler ☐ utilizando os cazas e o radar	8. Italia entrou na Segunda Guerra Mundial do lado de Alemaña lanzando unha ofensiva sobre a colonia británica de Exipto porque pretendía: ☐ acceder ao petróleo de Libia e Etiopía ☐ chegar ao canal de Suez para obstaculizar as comunicacións de Gran Bretaña co seu império ☐ derrotar o Afrika Korps en Oriente Próximo
9. Hitler decidiu intervir na zona dos Balcáns durante a Segunda Guerra Mundial porque: ☐ fracasou o intento de invasión de Grecia por parte de Italia ☐ triunfou a invasión de Checoslovaquia por parte de Albania ☐ enviou o Afrika Korps para ocupar Bulgaria e Romanía	10. A denominada Operación Barbarubia que levou a cabo o exército alemán durante a Segunda Guerra Mundial tiña entre os seus obxectivos: ☐ acceder ao carbón e ao gas de Oriente Próximo ☐ obstaculizar as comunicacións de Gran Bretaña co seu imperio no Océano Pacífico ☐ obter os cereais rusos e o petróleo do Cáucaso
11. O fracaso das tropas nazis no asedio a Leningrado e na toma de Moscova debeuse entre outros motivos: ☐ á rápida reacción do exército ruso impedindo o avance do ataque lóstrego alemán ☐ á abundancia de carburante durante os meses de verán ☐ á política de terra queimada levada a cabo polo exército ruso	12. A invasión do territorio de Indochina por parte de Xapón durante a Segunda Guerra Mundial provocou que: ☐ Estados Unidos decretase o embargo sobre o comercio xaponés ☐ Alemaña declarase inmediatamente a guerra a Xapón ☐ a URSS e Italia asinasen o Pacto Antikomintern contra Xapón

13. Xapón iniciou un rápido proceso de ocupación dos territorios no Océano Pacífico despois de: ☐ causar escasos efectos nos recursos militares de Estados Unidos no ataque a Pearl Harbor ☐ devolver o territorio de Manchukuo a Corea ☐ destruír parte da frota estadounidense no Océano Pacífico	14. As tropas xermanas víronse obrigadas a capitular na batalla de Stalingrado debido a motivos como: ☐ a chegada de numerosos reforzos desde Alemaña ☐ os efectos da fame e do frío ☐ as altas temperaturas do verán ruso
15. A ofensiva das tropas do Afrika Korps de Rommel no norte de África: ☐ tivo un gran éxito na batalla de El Alamein ☐ foi detida polo exército británico na batalla de El Alamein ☐ permitiu o control alemán dos territorios de Alxeria e Marrocos ata o final da Segunda Guerra Mundial	16. A República de Saló que se creou en Italia durante a Segunda Guerra Mundial: ☐ ocupaba o centro e o norte do territorio de Italia ☐ estaba gobernada por Mussolini e baixo control dos aliados ☐ era un estado libre do control da Alemaña nazi
17. A gran ofensiva que constituíu o desembarco de Normandía en xuño de 1944 permitiu que o exército aliado: ☐ reforzase as defensas alemás no centro e oeste de Europa ☐ evitase a toma de Berlín por parte do exército soviético ☐ liberase París e todo o territorio francés e belga	18. Os campos de traballo que se estableceron na Segunda Guerra Mundial baixo control das SS e de grandes conglomerados industriais: ☐ abundaban especialmente en Europa oriental ☐ utilizaban unicamente man de obra escrava no oeste de Europa ☐ recluían principalmente a poboación de razas consideradas autenticamente alemás polo nazismo
19. Algunhas persoas aceptaron a ocupación do seu territorio e colaboraron activamente co réxime nazi por razóns como: ☐ o rexeitamento a calquera actitude colaboracionista ☐ o temor ao fracaso dunha revolución comunista ☐ o simple oportunismo	20. Charles De Gaulle foi un político e militar que durante a Segunda Guerra Mundial: ☐ ocupou o cargo de presidente da Francia de Vichy ☐ exerceu de dirixente da Francia colaboracionista co réxime nazi ☐ estivo á fronte da resistencia francesa desde o exterior do país
21. Algúns xerarcas nazis foron condenados a morte tras a celebración: ☐ do proceso contras as matanzas de poboación xaponesa en Katyn ☐ da conferencia de paz contra os responsables do lanzamento de bombas atómicas sobre Londres e Dresde ☐ dos xuízos de Núremberg	22. A maior parte dos países de Europa occidental estableceron tras a Segunda Guerra Mundial un sistema político: ☐ da democracia parlamentaria ☐ das chamadas democracias populares ☐ de democracias comunistas baixo o control da URSS
23. Entre os países de Europa oriental nos que se estableceron ditaduras comunistas baixo a hexemonía da URSS estaban: ☐ Alemaña Occidental e Hungría ☐ Austria e Bulgaria ☐ Polonia e Checoslovaquia	24. Os líderes políticos reunidos na Conferencia de Ialta chegaron a acordos como: ☐ a unificación de Alemaña nunha zona de ocupación ☐ a sucesión de Churchill como presidente dos Estados Unidos ☐ a anexión dos Estados bálticos e do leste de Polonia á URSS
25. Alemaña e a cidade de Berlín quedaron divididas en catro zonas de ocupación tras a Conferencia de Postdam as cales estarían administradas por: ☐ Polonia, Checoslovaquia, Hungría e Iugoslavia ☐ Italia, España, China e Xapón ☐ Estados Unidos, Reino Unido, Francia e a Unión Soviética	26. O territorio de Corea, que fora ocupado polas tropas xaponesas durante a Segunda Guerra Mundial, despois deste conflito foi: ☐ dividido en catro zonas de ocupación ☐ ocupado ao norte do paralelo 38°N pola URSS ☐ ocupado ao sur do paralelo 38°N por China
27. A Asemblea Xeral é un organismo da ONU que está formado por todos os Estados membros e que ten entre as súas funcións: ☐ emitir recomendacións ☐ eliminar o dereito de veto dos membros permanentes ☐ elaborar resolucións de obrigado cumprimento para todos os países membros da organización	28. Entre os Estados que teñen a condición de membros permanentes do Consello de Seguridade da ONU están: ☐ Estados Unidos e Alemaña ☐ Xapón e Francia ☐ Rusia e China
29. Todos os países membros da ONU están obrigados a: ☐ exercer como membros permanentes do Consello de Seguridade ☐ cumprir as resolucións do Consello de Seguridade ☐ ter un secretario xeral da ONU nacido no seu país ao longo da historia da organización	30. A Secretaría Xeral da ONU está formada por un corpo de funcionarios e por un secretario xeral que é elixido: ☐ cada dous anos entre os dez membros permanentes do Consello de Seguridade ☐ cada catro anos nas eleccións celebradas en cada un dos Estados membros ☐ cada cinco anos pola Asemblea Xeral da ONU

5. Escolle un dos seguintes dous documentos (texto histórico ou mapa histórico) e coméntao seguindo as pautas que aparecen a continuación:

6. DOCUMENTO 2. O REARMAMENTO ALEMÁN

2. O rearmamento alemán.

O éxito de Hitler non sería posible se non fose polo letargo e a insensatez dos Gobernos franceses e ingleses de despois da guerra [...]. Ningún sincero intento se fixo para chegar a entenderse cos varios Gobernos moderados que tivo Alemaña baixo o sistema parlamentario.

Hitler proclamara reiteradamente que, se chegaba ao poder, faría dúas cousas [...] ía recobrar o seu posto en Europa mediante o rearmamento; e os alemáns íanse redimir do paro poñéndose a traballar no armamento [...] así, desde o ano 1933, todas as enerxías en Alemaña foron dirixidas á preparación da guerra.

WINSTON CHURCHILL, «Hitler e a súa opción»,
Grandes contemporáneos, 1935 (adaptado)

Pautas a seguir para o comentario do texto histórico

e) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza do texto
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (histórico-circunstancial, histórico-testemuñal, histórico-literario...)
 - En función do seu contido (xurídico, político, económico, filosófico, xeográfico...)
- Época na que foi escrito
- Lugar no que foi escrito
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

f) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

g) COMENTARIO EN RELACIÓN CO CONTEXTO HISTÓRICO

- Explicación do tema ou temas que trata o texto, **sempre en relación e facendo referencia ao contido dos documentos**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas nas que se elaborou o texto

- Explicación a información que contén e dos datos que nos achega sobre o acontecemento e a época, utilizando “*entre aspas*” algunha ou algunhas citas textuais
- Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir

h) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)
- Breve mención das repercusións históricas do feito tratado no texto

DOCUMENTO 3. O EXPANSIONISMO NAZI



Pautas a seguir para o comentario do mapa histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza do mapa
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (histórico-físico, histórico-político, histórico-topográfico, histórico-urbano...)
 - En función do seu contido (político, económico, agrario, industrial, militar...)
- Época na que foi realizada
- Espazo xeográfico que ocupa
- Ámbito cronolóxico que abrangue

b) ANÁLISE

- Tema principal
- Outros temas e outra información que nos achega

c) COMENTARIO

- Explicación do tema ou temas que trata o mapa, **sempre en relación e facendo referencia ao contido do documento**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas que inflúen na configuración do mapa
 - Análise dos elementos do mapa que nos achegan información sobre o acontecemento e a época
 - Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do mapa como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)